

Redrum Teatro presenta

*"Unha obra sobre o pracer de asomarse ás vidas
alleas... Unha obra sobre os que elixen a última fila,
aquela dende onde se ven todas as demais."*

O MOZO DA ÚLTIMA FILA

un texto de JUAN MAYORGA

gañador do Premio Max

guillermo carbajo

ROBERTO LEAL

Belén Constenla

Mónica García

MACHI SALGADO


Rubén R. Porto

dirixido por ALEX SAMPAYO

Escenografía e iluminación JOSÉ MANUEL FARO "COTI"

Vestuario e caracterización MARÍA ILLOBRE Espazo sonoro DAVIDE GONZÁLEZ

Produción REDRUM TEATRO



AGADIC




O ESPECTÁCULO

Xermán e Xoana son un matrimonio maduro sen fillos, el é profesor de instituto e ela traballa nunha galería de arte a piques de pechar. Durante as primeiras semanas do curso, Xermán manda aos seus alumnos facer unha redacción que narre o que fixeron a fin de semana, entre todas elas sobresa a de Claudio, o mozo que senta na última fila. Na súa redacción conta como propoñéndolle un intercambio de clases particulares a Rafa Artola puido entrar na súa casa e coñecer á súa familia, algo que lle tiña obsesionado durante todo o verán mentres os observaba desde o parque. A Xoana non lle parece ben nin o feito nin o ton utilizado, e insta ao seu marido a falar co alumno. E aínda que Xermán o fai comeza a sentirse atrapado pola capacidade do mozo, que coma nun xogo, continúa a redacción e por tanto a súa relación coa familia de Rafa. Xermán permite que Claudio vaia creando unha narración sobre a vida dos Artola e manipulándoos para que o texto se vaia adaptando aos requirimentos que, segundo o mestre, unha boa novela precisa; profundar nos personaxes, o factor sorpresa, conflitos, un bo título, a necesidade dun final necesario e imprevisible... O que non sospeita Xermán é que inconscientemente entrou nun xogo no que el é un peón máis do afán de Claudio por inmiscirse e reescribir as vidas alleas, e que este non só está interesado na historia dos Artola senón tamén na del.

A necesidade de contar historias, de escoitar historias, de formar parte delas, de imaxinarnos dentro desas historias e dos mecanismos propios da narración e un dos temas fundamentais desta comedia que atrapa a todos e todas.

ALEX SAMPAYO - DIRECTOR

Comeza no teatro da man de Redrum cun texto da súa propia autoría, *A Pensión* (2009). Logo virían os musicais infantís *Moito Conto* (2011), *Roedores* (2014), *A Nena Que Quería Navegar* (2016), *Contos do Recreo* (2018) estes tres últimos nomeados nos María Casares a Mellor Espectáculo Infantil. As comedias *Curriculum Vitae* (2012), *Amor Flexible* (2013) e *Noiteboa* (2015) polo que obtivo dobre nomeamento nos premios María Casares nas categorías de Mellor Dirección e Texto Orixinal e máis recentemente *A Canción do Elefante*, adaptación do texto *Elephant Song*, do canadense Nicolas Billon. No pasado ano 2018 acaba de estrear *"Estás aí?"* comedia do dramaturgo arxentino Javier Daulte e *IDIOTA*, comedia negra do catalán Jordi Casanovas.



JUAN MAYORGA - AUTOR

Juan Mayorga naceu en Madrid en 1965. Realiza os seus estudos superiores de Filosofía na UNED e de Matemáticas na UAM. Obtén a licenciatura en ambas disciplinas en 1988. Amplía estudos en Münster (1990), Berlín (1991) e París (1992). Doutórase en Filosofía no 1997 cunha tese sobre Walter Benjamin, "Revolución conservadora e conservación revolucionaria. Política e memoria en Walter Benjamin", pola que recibe o premio extraordinario.

Estudou Dramaturxia con Marco Antonio da Parra, José Sanchis Sinisterra e na Royal Court Theatre International Summer School de Londres. Foi profesor de Matemáticas en Madrid, profesor de Dramaturxia e de Filosofía na Real Escola Superior de Arte Dramática de Madrid. Deu talleres de dramaturxia e conferencias sobre teatro e filosofía en diversos países. Foi membro do consello de redacción da revista "Primeiro Acto" e fundador do colectivo teatral "El Astillero".

Actualmente é Director da Cátedra de Artes Escénicas da Universidade Carlos III de Madrid.

Entre outros obtivo os premios Nacional de Teatro (2007), Nacional de Literatura Dramática (2013), Valle-Inclán (2009), Ceres (2013), A Barraca (2013), Premio Max ao mellor autor (2006, 2008 e 2009) e á mellor adaptación (2008 e 2013) e Premio Europa de Novas Realidades Teatrais (2016).

Entre os seus textos, traducidos a máis de 30 idiomas, destacan: "El traductor de Blumemberg", "Himmelweg", "Últimas palabras de Copito de Nieve", "Hamelin", "La tortuga de Darwin", "La paz perpetua", "La lengua en pedazos", "El crítico", "El cartógrafo", "Famélica" ou "Reikiavik".



GUILLERMO CARBAJO

"Contos do Recreo" Redrum Teatro
"A Canción do Elefante" Redrum Teatro
"A Nena Que Quería Navegar" Redrum Teatro
"Noiteboa" Redrum Teatro
"Roedores" Redrum Teatro
"Curriculum Vitae" Redrum Teatro



ROBERTO LEAL

"Chuvia" Anómico Teatro
"Tartufo" CDG
"Unha rosa entre as pernas" TEP
"A boa persoa de Sezuán" CDG
"Illa reunión" CDG
"Historia Natural" Matarile Teatro



BELÉN CONSTENLA

"Despois das ondas" ButacaZero
"Voaxa e Carmin" ButacaZero
"O Segredo dos Hoffman" Lagarta, lagarta
"Unha primavera para Aldara" Teatro do Atlántico
"Carambola" Lagarta, lagarta
"Fobias" Lagarta, lagarta



MÓNICA GARCÍA

"Divinas palabras revolution" CDG
"As fillas bravas" Chévere
"Eurozone" Chévere
"Curriculum Vitae" Redrum Teatro
"Citizen" Chévere
"A boa persoa de Sezuán" CDG



RUBÉN R. PORTO

"Os Electrecos" Bolanda
"Nadal polo norte" Bolanda
"O amigo monte" Bolanda
"Un conto de nadal" Bolanda
"Os Bolechas na maquina do tempo" Bolanda
"Cinzas nas máns" Teatron producciones



MACHI SALGADO

"IDIOTA" Redrum Teatro
"A Canción do Elefante" Redrum Teatro
"Martes de Carnaval" CDG
"Bu21" Avento Producciones de Teatro
"Unhas poucas picadelas" Ningures Teatro
"A forma das cousas" La Lechera

A COMPANHIA
REDRUM TEATRO

"A Pensión", 2009
"Moito Conto", 2011
"Curriculum Vitae", 2012
"Amor Flexible", 2013
"Roedores", 2014
"Noiteboa", 2015
"A Nena Que Quería Navegar", 2016
"A Canción do Elefante", 2017
"Estás aí?", 2018
"Contos do Recreo", 2018
"Invisibles", 2018
"IDIOTA", 2018

Redrum Teatro somos unha empresa cultural adicada á produción e distribución de espectáculos teatrais e edición de libros constituída no ano 2009. Dende a nosa fundación non paramos de producir espectáculos de diferentes formatos sempre cun coidado concepto estético e artístico como selo personal da compañía.



ELENCO

Claudio **Guillermo Carbajo**
Xermán **Roberto Leal**
Xoana **Belén Constenla**
Ester **Mónica García**
Rafa fillo **Ruben R. Porto**
Rafa pai **Machi Salgado**

FICHA ARTÍSTICA

Dirección e adaptación **Alex Sampayo**
Autor **Juan Mayorga**
Escenografía e iluminación **J.M. Faro "Coti"**
Vestuario e caracterización **María Illobre**
Espazo sonoro **Davide González**
Vídeos **Alex Sampayo**
Axte. produción **Rubén R. Porto**
Produción **Redrum Teatro**
Distribución **Guillermo Carbajo**

SINOPSE

Claudio é un estudante de dezasete anos que senta na última fila. Non fala, non participa, non é problemático, non destaca, salvo en Matemáticas. Cada clase fáiselle máis insoportable ata que Xermán, o profesor de Lingua e Literatura, manda escribir unha redacción sobre a fin de semana. A partir deste intre, Claudio empeza a transformarse en alguén que observa, imaxina e escribe a vida doutros nun relato por entregas para un só lector. Ese relato compartido polo discípulo e o mestre convértese nun xogo cada vez máis perigoso para eles e para quen os rodea. Un xogo que se disputa en dous taboleiros: o da vida e o da literatura.

Desde a súa estrea en 2006, "O mozo da última fila" leva 26 producións por todo o mundo e foi adaptada ao cinema por François Ozon, con guión do propio Mayorga e co título "Dans la maison", Concha de Ouro no Festival de San Sebastián en 2012. A obra foi escollida en 2018 dentro do plan de fomento á lectura en varios institutos de secundaria.


DATOS TÉCNICOS

Duración aprox 90 min

Fondo 6 metros
Ancho 8 metros
Alto 6 metros

Potencia luz 6.000 W
Potencia son 1.000 W

Custe por función 4.598€
Adaptable a calquera espazo



Redrum Producciones SL
Rúa Estación do Casal, 10 - Laraño
15897 Santiago de Compostela
617.334.627 - 692.632.733 redrumteatro@gmail.com

www.redrumteatro.com